

CONVOCATORIA E BASES PARA POSTOS DE TRABALLO DE CARACTER LABORAL TEMPORAL.

Postos: 2 Peóns de limpeza por período de **9 meses e a xornada completa**, asimilado a un Grupo E-Agrupacións Profesionais de funcionarios (EBEP).

Programa para o fomento do emprego do Plan Provincial Unico de Cooperación cos Concellos 2018.

- O contrato realizarase pola modalidade de obra ou servizo determinado art. 2 do RD 2720/1998 de 18 de decembro.-

-As funcións do servizo determinado veñen dadas polo obxecto do contrato e serán as propias dos operarios de Medio Ambiente e será máis concretamente: Limpeza viaria de rúas, limpeza de praias, limpeza e adecentamento de xardíns e zonas verdes.

- As retribucións mensuais íntegras serán segundo convenio.

- Requisitos dos aspirantes:

* **Xerais:** Cumprir os requisitos de nacionalidade, idade e capacidade funcional previstos nos artigos 56 e ss. do Estatuto Básico do Empregado Público (aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro, BOE do 31/10/2015).

*** Específicos:**

O certificado de estudos primarios, de escolaridade ou titulación equivalente ou superior.

Carnet de conducir da clase B (turismos) e dispoñibilidade de vehículo.

As persoas a contratar a través deste programa producirán novas coatacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

CRITERIOS DE SELECCION:

1. Proba escrita: Puntuación máxima 10 puntos.

Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre aspectos xerais e específicos do temario que se inserta a continuación:

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Cada resposta acertada terá un valor de 0,50 puntos. Por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta. As respostas en branco non descontarán

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

TEMARIO

Tema 1.- A constitución española de 1978. Principios Xerais.

Tema 2.-Organización municipal. Competencias dos Concellos. O Pleno, O Alcalde.Especial referencia ao Concello de Ribadeo (Parroquias, núcleos de poboación,servicios municipais).

Tema 3.- Procedemento Administrativo Local. O rexistro de entrada e saída de documentos

Tema 4.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Retribucións, permisos, licenzas, incompatibilidades.

Tema 5.- Materiais, útiles e ferramentas de utilización habitual no servizo de xardiñería.

Tema 6.- Descrición e modo de emprego da maquinaria utilizada no servizo de limpeza

Tema 7.- Materiais, útiles e ferramentas de utilización habitual no servizo de roce de maleza.

Tema 8.-Prevención de accidentes laborais: Dereitos e obrigas do empresario e dos traballadores.

Tema 9.- Seguridade na utilización de maquinaria e ferramentas no posto de traballo.

Tema 10.- Primeiros auxilios no caso de accidentes de traballo.

2.- Exercicio de idioma galego. Máximo 1 punto.

De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na traducción directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal seleccionado inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 5 minutos, e sen axuda de dicionario.

Por cada falta cometida descontaranse 0,05 puntos.

O exercicio cualificarase cun máximo de 1 punto.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 1 ou superior que se valorará con 1 punto.**

3. Méritos.-

Por cursos directamente relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados:

Puntuación máxima 2 puntos.

- 1.a Cursos de máis de 100 horas.....0,75 puntos.
- 1.b Cursos de 70 a 100 horas.....0,50 puntos.
- 1.c Cursos de 40 a 69 horas..... 0,35 puntos.
- 1.d Cursos de 15 a 39 horas..... 0,20 puntos.
- 1.e Cursos de menos de 15 horas..... 0,10 puntos.
- 1.f Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas.....0,05 puntos.

ORGANO DE SELECCIÓN:

Presidente: D. Francisco M. Moreda Gil, arquitecto municipal.

Suplente: D. Carlos Longarela Sanfiz, Arquitecto da ARI do Concello de Ribadeo.

Vogais:

D. Antonio J. Cuadrado García, Capataz Municipal do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. Jose Luis Martínez Fernández, Chófer do Concello de Ribadeo.

D. Santiago López López, Xefe de Grupo de Medio Ambiente.

Suplente: D. José Luis Fernández Rodríguez, Operario do Concello de Ribadeo.

D. Manuel Rodil Oya, axudante de xardiñería do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. Manuel Fernández González, axudante de xardiñería do Concello de Ribadeo.

Secretario con voz sen voto: D. José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral do Concello de Ribadeo.

Suplente: Don José A. Carro Asorey, Secretario Xeral en acumulación da Corporación.

DOCUMENTACION A PRESENTAR.-

Impreso oficial de solicitude (que se facilitará nas oficinas Concello), copia DNI/NIF, relación de méritos alegados e xustificante acreditativo suficiente de cada un dos mesmos (**segundo as esixencias destas bases**)

Toda esta documentación deberá achegarse polos interesados en orixinais e copia para a súa compulsu ou copia xa compulsada.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DATA DAS PROBAS E DA SELECCION:

A documentación deberá presentarse **dende o día 17 ata as 14 horas do día 26 de setembro de 2018** no Rexistro Xeral de Entrada de documentos do Concello.

Poderá presentarse tamén a través da sede electrónica da entidade: www.ribadeo.gal, e se a documentación se presentase a través do rexistro doutra administración deberá comunicarse este extremo ao Concello por fax, correo electrónico ou directamente por escrito aos efectos de poder coñecer tal presentación.

Ao día seguinte publicarse a resolución coa lista de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e/ou web municipal: www.ribadeo.gal

A proba ou probas de selección de persoal e a cualificación dos méritos realizarase o **día 1 de outubro de a partir das 10,00 horas** na Casa do Concello, agás que por razóns técnicas ou doutra índole o Tribunal avaliador decida calquera modificación que será comunicada aos aspirantes.

PUBLICIDADE.-

As presentes bases e convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, sede electrónica da entidade: www.ribadeo.gal e web da Excma. Deputación Provincial de Lugo: www.deputacionlugo.org

OUTRAS CUESTIONS.-

Os/as aspirantes que resulten seleccionados/as deberán pasar o recoñecemento médico procedente nos servicios de prevención deste Concello co fin de acreditar non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións.

Igualmente os/as aspirantes seleccionados/as, unha vez asinado o contrato correspondente, quedarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.

O ALCALDE,
FERNANDO SUAREZ BARCIA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE